

# UN BELÉN NOS AVÓS

TRINTA E CATRO

Un ano máis no que o noso Belén de Begonte abre as súas portas, pode parecernos que xa está todo dito sobre del. Proba de que non é así, é que cada ano, fainos reflexionar e ver nel algo diferente.

Fai un par de semanas, achegueime a velo (son incapaz de lembrar as veces que o vin) e ollando as súas figuriñas, lembreime dese universo de sabedoría que son os nosos vellos.

Vin ao meu avó sentado baixo un frondoso e vello carballo facendo nos cestos con varas de vimbio namentras susurraba unha fermosa pero coitada cantiga que súa nai lle cantaba de pequeno, cando o arrolaba... vino desbastando unhas toradas que logo se converterían en quentiñas zocas para o inverno... vino no muíño, suoroso polo peso do saco de millo que levaba para logo cocer... vino cortando na leña, (quentándose dúas veces como él moi ben dicía) que logo se queimaría tódalas noites deste tempo de Nadal...

Cánto teño qué agradecerche!!!... por criarme como pai, consentirme como avó e escoitarme como amigo...

É curioso, porque endexamais o vira ata este ano.

Resulta moi estrano plasmar nunha folla de papel o vivido cos nosos... parece coma se o lapis non quixera escribir, enguedéllanse as verbas nun maraño coma o cabelo polas mañás... como é posible?

...pero se viven tantas noites nos nosos soños!!!... se falamos deles a cotío!!

Cando perdes a un maior, perdes o mellor libro vivinte; eles son eses libros que saen da alma, da experiencia, do bo facer... onde as follas son as probas vividas e a tinta que os escribe é o sangue do corazón, de onde sae ese amor incondicional que profesan ós seus.

Pero a min, quédame outro libro... outro libro que algún día quizabes vexa na fiandeira do liño atando unha manela de estopas, amasando e cocendo o pan, coidando do gando...

Este libro en esencia, de noventa e oito anos, con pelo de neve e sorriso doce e inocente como o dun meniño, recita ao meu carón...

“A Belén va caminando S. Jose e máis María; María iba encinta, el camino la rendía.

S. José volvió atrás y esta suerte le decía:

Andemos María andemos, que se nos acaba el día.

María contestó:

Si se acaba que se acabe, otro Dios nos traería.

Cuando llegaron a Belén, era noche escurecida; María se acostó donde las mulas comían.

Las mulas comían paja y los bueis abafan la cría; nunca hijos tengáis ni cosa que recienda.

Bajan ángeles del cielo a visitar la parida, unos subían arriba y otros bajaban abajo, preguntan unos a los otros como queda la parida.

La parida buena queda, en su sala recogida, la casa donde ella queda es de alta cantería, ni la hizo carpintero ni amor de amorería, que la hizo Dios del cielo para la Virgen María”.